

PROGRAMACIÓN DE LINGUA INGLESA

DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR

CURSO 2013/14

1. INTRODUCCIÓN. P3
2. OBXECTIVOS XERAIS. P3
3. METODOLOXÍA. P3
4. OBEXCTIVOS MÍNIMOS. P4
5. AVALIACIÓN. P5
6. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. P5
7. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN. P6
8. CONTIDOS. P7
 - 8.1 3º E.S.O. P7
 - 8.1 4º E.S.O. P7
9. TEMPORALIZACIÓN. P8
10. MATERIAIS E RECURSOS. P8

1. INTRODUCCIÓN

Trátase esta dunha programación para os dous cursos do segundo ciclo da ESO, cursos nos que se verán implicados alumnos con necesidades educativas especiais, o que supón que, aínda que xa teñen estudos anteriores de inglés, presentan serias dificultades de cara á consecución dos obxectivos mínimos de final de etapa.

2. OBXECTIVOS XERAIS

A finalidade curricular da área de linguas estranxeiras é ensinar a comunicarse nestas linguas. Isto comporta un enfoque comunicativo e unha selección determinada dos obxectivos e contidos que levan á adquisición por parte do alumnado dunha competencia comunicativa en consonancia coa súa idade e etapa de aprendizaxe. A competencia comunicativa implica outras competencias sen as cales a aprendizaxe e, polo tanto, a comunicación, quedarían incompletas e deficientes. O alumno debe adquirir, polo tanto, competencias como:

- A **competencia gramatical** (uso de estruturas e regras gramaticais da lingua).
- A **competencia discursiva** (uso das partes da linguaxe dentro do discurso, non como elementos illados).
- A **competencia sociolingüística** (adequar o discurso a un momento e a un contexto concretos).
- A **competencia estratéxica** (uso de recursos lingüísticos e non lingüísticos para conseguir que a comunicación sexa fluída e non se rompa).
- A **competencia sociocultural** (coñecer os trazos sociais e culturais característicos da lingua).

Isto non quere dicir que vaiamos ensinar cada competencia de maneira exclusiva e individualizada. Polo contra, están imbricadas dentro da competencia comunicativa e así son adquiridas e aprendidas.

3. METODOLOXÍA

Nos dous cursos de diversificación, darémoslle un enfoque basicamente práctico, comunicativo e funcional á materia, pero sen deixar de lado a base teórica gramatical necesaria para a consecución dos obxectivos propostos.

Dado que estaremos traballando con alumnos con necesidades educativas especiais e que xa cursaron inglés con anterioridade, parécennos fundamentais dous aspectos no que atinxe á metodoloxía; dunha banda, a necesidade de realizar unha rigorosa preavaliación, a través da que poidamos establecer en cada caso os coñecementos previos dos alumnos e as súas posibles carencias, para poder así atallalas desde o primeiro instante. Ao se tratar de grupos reducidos, poderemos axustar a metodoloxía en cada momento de xeito que esta sexa a máis axeitada en cada caso. Doutra banda, tamén coidamos que é fundamental que a presentación de cada novo “concepto lingüístico” se faga sempre do xeito máis estruturado posible e que á vez nos facilite o “feedback” necesario por parte de todos os alumnos, para que o profesor poida

comprobar paso a paso o nivel de comprensión de cada alumno.

4. OBEXCTIVOS MÍNIMOS

Ao rematar a etapa de Ensinanza Secundaria Obrigatoria, os alumnos deberán, como obxectivo fundamental, **acadar unha competencia lingüística** (gramatical, fonética e funcional) **adecuada á etapa**. Tamén deberán:

1. Comprender a información global e específica de mensaxes orais escritas en inglés relativas a situacións de comunicación habituais, emitidas directamente por falantes ou por medios de comunicación.
2. Producir mensaxes orais e escritas en inglés, utilizando recursos lingüísticos e non lingüísticos, nas diversas situacións de comunicación habituais, para conseguir que esta sexa fluída e satisfactoria, amosando unha actitude de respecto e de interese por comprender e por facerse comprender.
3. Ler de maneira comprensiva e autónoma, obtendo informacións globais e específicas, textos escritos dun nivel axeitado ás capacidades e intereses dos alumnos, relacionados con situacións de comunicación escolares e extraescolares.
4. Utilizar a lectura de textos con fins diversos, valorando a súa importancia como fonte de información, pracer e lecer, e mais como medio de acceso a culturas e xeitos de vida distintos dos propios.
5. Reflexionar sobre o funcionamento do sistema lingüístico na comunicación, como elemento que facilita a aprendizaxe da lingua estranxeira e como instrumento para mellorar as producións propias.
6. Valorar a axuda que supón o coñecemento das linguas estranxeiras para comunicarse con persoas que pertencen a culturas distintas á nosa e para participar nas relacións internacionais e noutros eidos da actividade humana.
7. Apreciar a riqueza que supoñen as diversas linguas e culturas como maneiras distintas de codificar a experiencia e de organizar as relacións persoais.
8. Manter unha actitude receptiva e crítica cara á información procedente da cultura que as linguas estranxeiras transmiten e utilizar esta información para reflexionar sobre a propia cultura.
9. Utilizar estratexias de aprendizaxe autónoma elaboradas a partir de experiencias previas con outras linguas e da reflexión sobre os propios procesos de aprendizaxe.

5. AVALIACIÓN

Primordialmente, valorarase que o alumno alcance unha competencia lingüística (gramatical, fonética e funcional) adecuada ao nivel.

Tamén se valorará que o alumno poida:

1. Extraer a información global e a específica de mensaxes orais emitidas en situación de comunicación cara a cara, sobre temas familiares para o alumno ou relacionados con aspectos cotiáns da cultura e da sociedade dos países onde se fala a lingua estranxeira.
2. Tirar a idea principal e as informacións específicas máis relevantes de textos orais emitidos por medios audiovisuais sobre temas que non esixan coñecementos especializados.
3. Participar en conversas breves utilizando as estratexias adecuadas para iniciar, manter e facer progresar a comunicación, producindo un discurso comprensible e adaptado ás características da situación e á intención de comunicación.
4. Extraer a información global e específica de textos escritos auténticos, sinxelos e de extensión limitada, de diferente tipo, distinguindo entre feitos e opinións e identificando, de ser o caso, os principais argumentos expostos polo autor.
5. Ler de maneira autónoma, utilizando correctamente o dicionario, libros para a mocidade ou relacionados cos intereses propios e demostrar a comprensión mediante a realización dunha tarefa específica.
6. Redactar textos sinxelos atendendo a diferentes intencións comunicativas, respectando as convencións da comunicación escrita e empregando os elementos que aseguran a cohesión e coherencia do texto de maneira que este sexa facilmente comprensible para o lector.
7. Utilizar conscientemente os coñecementos adquiridos sobre o novo sistema lingüístico como instrumento de control e autocorrección das producións propias e como recurso para comprender mellor as producións alleas.
8. Perseverar nos intentos de comprender e de facerse comprender en situacións comunicativas cara a cara, utilizando todas as estratexias de comunicación e os recursos expresivos dispoñibles para superar as posibles dificultades de comprensión mutua.
9. Identificar e interpretar, apoiándose en claves lingüísticas e non lingüísticas, os implícitos culturais que poidan aparecer nos textos e utilízalos para unha mellor comprensión do seu contido.

6. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- A observación do traballo cotián dos alumnos, tendo en conta as súas intervencións e a calidade destas, valorando a súa participación nos traballos de equipo e controlando a realización dos procedementos.
- As probas orais e escritas, tanto libres como obxectivas, que se aplicarán na avaliación dos contidos conceptuais.
- A análise de traballos escritos ou expostos, que pode proporcionar un recurso para valorar a súa capacidade de organizar a información, de usar a terminoloxía con precisión e o seu dominio das técnicas de comunicación.

Establécese unha separación entre as probas de coñecemento escrito e o traballo desenvolvido na aula. Cada unha das consideracións xulgarase de xeito diferenciado.

Na medida do posible, realizaránse un mínimo de dous probas obxectivas de coñecementos en cada período de avaliación. A avaliación dos contidos específicos realízase de xeito continuo, polo que as probas correspondentes a cada avaliación poden conter coñecementos específicos das anteriores, sendo puntuables cos mesmos criterios que os das avaliacións en curso. Nestas probas avaliaranse:

- o coñecemento de vocabulario
- o coñecemento dos aspectos gramaticais
- o nivel de comprensión / expresión oral
- o nivel de comprensión / expresión escrita

7. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación das avaliacións se fará conforme á seguinte:

- Nota media ou ponderada das probas escritas realizadas 90%
- Traballos escritos ou expostos, traballo cotián, actitude 10%

8. CONTIDOS

8.1 3º E.S.O

	VOCABULARIO	GRAMÁTICA
UNIDADE 1	Traballo	<i>To be</i> - Presente Simple. Xenitivo saxón.
UNIDADE 2	Lugares	Xenitivo saxón. Adxectivos posesivos.
UNIDADE 3	Deportes A casa	There is/are Have got
UNIDADE 4	Tempo libre	Presente simple
UNIDADE 5	Abilidades	<i>Can</i> . Imperativos
UNIDADE 6	A roupa	<i>Presente continuo</i>
UNIDADE 7	A comida	Contables e incontables Have got Some e any
UNIDADE 8	Lugares cotiáns	Pasado simple: verbo <i>to be</i>
UNIDADE 9	Actividades do fin de semana	Pasado simple

8.1 4º E.S.O

	VOCABULARIO	GRAMÁTICA
UNIDADE 1	A alimentación	Presente simple. <i>Wh</i> -questions
UNIDADE 2	Os hábitos deportivos	Present simple Adverbs of frequency Time expressions
UNIDADE 3	Actividades que se realizan nun momento dado	Present continuous Preposition of place
UNIDADE 4	Problemas en relación co pasado	Pasado simple de verbos regulares e irregulares. Pasado simple do verbo <i>to be</i> .
UNIDADE 5	Actividades de vacacións	Pasado simple: voces negativa, interrogativa e respostas breves.
UNIDADE 6	As pezas de vestir	Comparativos e superlativos
UNIDADE 7	As apariencias e o aspecto físico	<i>Be like and look like</i> Countable and uncountable nouns <i>How much?/How many?</i>
UNIDADE 8	Lugares da cidade	<i>There is and there are</i> <i>Can and can't</i>
UNIDADE 9	Os estudos e as profesións	<i>Be going to + verb</i> <i>Have to/want to</i>

9. TEMPORALIZACIÓN

A distribución temporal, referida a cada unidade, estimarase na proporción que corresponde, tendo en conta a totalidade dos obxectivos propostos nesta materia. Farase unha distribución temporal e de contidos proporcional en cada avaliación.

1ª Avaliación	Unidades 1, 2 e 3 do libro de texto
2ª Avaliación	Unidades 4, 5 e 6 do libro de texto
3ª Avaliación	Unidades 7, 8 e 9 do libro de texto

10. MATERIAIS E RECURSOS

- Libros de texto:
 - 3º de ESO: Good Move (Ed. Oxford)
 - 4º de ESO: Smart Move (Ed. Oxford)
- Cadernos de exercicios, correspondentes ós libros de texto
- Cds e DVDs correspondentes ós libros de texto
- Diverso material de apoio correspondente ós libros de texto ou elaborado polos membros do Departamento
- Exercicios TICs
- Audición de textos e cancións
- Proxección de películas, vídeos escolares, etc.
- Periodicos e revistas
- Libros de lectura adaptados a idade e coñecementos do alumnado
- Encrucillados e outros xogos gramaticais, de vocabulario e culturais
- Materiais de consulta como dicionarios e apéndices gramaticais